

A PROTECCIÓN EXTRAJUDICIAL DOS CONSUMIDORES: A CUALIFICACIÓN REXISTRAL DAS CLÁUSULAS ABUSIVA

DIEGO VIGIL DE QUIÑONES OTERO

Rexistrador da propiedade e mercantil de buques de Ribadeo

I.-INTRODUCCIÓN

1º Formulación

A evolución económica producida na época contemporánea, xerou un cúmulo de novidades no dereito da contratación que xa comezan a resultar vellas e nas que, malia a súa novidade, produciuse unha importante evolución. En efecto, desde que se comezou a falar de conceptos como contratación en masa, contratos de adhesión, etc. ata a actualidade, producíronse importantes innovacións que non fixeron máis que profundar nos conceptos cerceiramente elaborados pola doutrina. Porén, esta evolución non sempre foi todo o positiva que cabía esperar desde o punto de vista da seguridade xurídica e da protección dos consumidores. Así, mentres importantes corpos normativos se afanaron en introducir preceptos para procurar unha protección máis intensa dos chamados contratantes débiles, unha interpretación non sempre ben orientada das ditas normas, unida á natural habilidade dos contratantes fortes para burlalas, dexenerou en ocasións nunha situación de desprotección do consumidor que supuxo unha desvirtuación do réxime de seguridade que se pretendeu crear en beneficio do dito contratante débil.

Nesta orde de cousas, resulta especialmente interesante a evolución producida en España en materia de protección dos consumidores fronte ás cláusulas predispostas. Contemplando diversos supostos concretos xerados na práctica (e que foron obxecto de resolu-

cións publicadas no BOE) obsérvase como os consumidores resultan hoxe gravemente desprotexidos en determinados ámbitos nos que a contratación experimentou unha forte evolución. A causa da dita situación, como nas seguintes páxinas se intentará demostrar, non está tanto nunha carencia de normas. Normas existen, e cada vez máis abundantes. No entanto, en ocasións estas normas teñen unha redacción confusa e incluso contraditoria entre elas, o cal ocasiona que unha interpretación ríxida das mesmas dea lugar a resultados contrarios ao espírito da disposición interpretada.

2º Ideas previas

O fenómeno chamado pola doutrina contratación en masa, xerou nos últimos tempos unha proliferación de técnicas lexislativas dirixidas a protexer ao chamado contratante débil. A dita protección, fundamentada para os consumidores no art. 51 CE, non implica nin moito menos unha supresión da liberdade de pactos, senón que pretende delimitar as barreiras ata as que esta debe chegar cando, como no caso, entre en colisión con outros valores necesitados de protección. Así, cando nos encontramos con normas de protección dos consumidores, temos que ter en conta que as mesmas son esa “lei, moral e orde pública” contra a que non pode atentar a autonomía da vontade recollida no art. 1255 do Código civil (en diante CC). A diferente amplitude da autonomía da vontade vén determinada pola distinción entre os contratos por adhesión e os contratos por negociación. Nestes hai marxe para a determinación polas partes do contido do contrato. Nos contratos por adhesión, non. Isto fai necesaria a introdución dunha norma de equilibrio en beneficio dos consumidores, na que se distingue un aspecto formal e outro material, cuxa aplicación dá lugar aos controis de incorporación e do contido recollidos nas leis sobre a materia.

Dentro desas técnicas, debemos referirnos á existencia de dous conceptos de importancia: o concepto de cláusulas abusivas e o de condicións xerais da contratación. As primeiras defínense pola lei, facendo uso dos conceptos fixados na Directiva Comunitaria na materia (Dir. 93/13/CEE do 5/4/93), como “*todas aquellas estipulaciones no negociadas individualmente y todas aquéllas prácticas no consentidas expresamente que, en contra de las exigencias de la buena fe causen, en perjuicio del consumidor y usuario, un desequilibrio importante de los derechos y obligaciones de las partes que se deriven del contrato*” (art. 82.1 do TR da Lei para a defensa dos consumidores e usuarios e outras leis complementarias aprobado polo RDLex. 1/2007 do 16 de novembro, en diante TRLDU). As segundas, pola súa parte, defínense pola Lei de condicións xerais da contratación como “*las cláusulas predispuestas cuya incorporación al contrato sea impuesta por una de las partes, con independencia de la autoría material de las mismas, de su apariencia externa, de su extensión y de cualesquiera otras circunstancias, habiendo sido redactadas con la finalidad de ser incorporadas a una pluralidad de contratos*” (art. 1.1). Destes dous parágrafos despréndese que as cláusulas son abusivas por atentar contra a boa fe e son xerais por ir destinadas a ser incorporadas a unha pluralidade de contratos. É dicir, cabería nos conceptos legais vixentes a existencia de cláusulas abusivas que non sexan condicións xerais e poderían existir condicións xerais que, pese á súa predisposición por unha das partes,

fosen lícitas. De xeito que, como dixemos, as normas de equilibrio a favor do consumidor non se aplican só aos contratos con condicións xerais, senón aos contratos por adhesión. A diferenciación non é simple, pois como se verá máis adiante, podemos atoparnos cun problema á hora de combater o uso de cláusulas abusivas na medida en que só se poidan rexeitar polos operadores xurídicos da seguridade preventiva aquelas que se declarasen nulas por sentenza recaída en proceso contra as condicións xerais da contratación¹.

En calquera caso, e antes de entrar a estudar o tema, temos que completar estas noicións preliminares facendo referencia ao parágrafo 2 do art. 82 do TRLDCU, segundo o cal *“El hecho de que ciertos elementos de una cláusula o que una cláusula aislada se hayan negociado individualmente no excluirá la aplicación de las normas sobre cláusulas abusivas al resto del contrato. El empresario que afirme que una determinada cláusula ha sido negociada individualmente, asumirá la carga de la prueba”*. É dicir, non cabe subtraer un contrato ás normas de protección dos consumidores mediante a introdución dunha cláusula negociada individualmente e, o que é máis importante, presúmese que as cláusulas empregadas polos que prestan os servizos en contratos con consumidores, non foron negociadas individualmente, de xeito que se fose así deberá probalo o pre-dispoñente. Con esta regra non se fai máis que profundar na distinción antes apuntada: o único medio para excluír a aplicación das regras sobre cláusulas abusivas é a negociación individual, esta debe probarse, e a falta de proba estas regras aplícanse, sexa ou non condición xeral a cláusula discutida.

¹ Así, como di a Exposición de motivos da Lei 7/1998, “Se pretende así distinguir lo que son cláusulas abusivas de lo que son condiciones generales de la contratación. Una cláusula es condición general cuando está predispuesta e incorporada a una pluralidad de contratos exclusivamente por una de las partes, y no tiene por qué ser abusiva. Cláusula abusiva es la que en contra de las exigencias de la buena fe causa en detrimento del consumidor un desequilibrio importante e injustificado de las obligaciones contractuales y puede tener o no el carácter de condición general, ya que también puede, darse en contratos particulares cuando no existe negociación individual de sus cláusulas, esto es, en contratos de adhesión particulares.

Las condiciones generales de la contratación se pueden dar tanto en las relaciones de profesionales entre sí como de éstos con los consumidores. En uno y otro caso, se exige que las condiciones generales formen parte del contrato, sean conocidas o -en ciertos casos de contratación no escrita- exista posibilidad real de ser conocidas, y que se redacten de forma transparente, con claridad, concreción y sencillez. Pero, además, se exige, cuando se contrata con un consumidor, que no sean abusivas.

El concepto de cláusula contractual abusiva tiene así su ámbito propio en la relación con los consumidores. Y puede darse tanto en condiciones generales como en cláusulas predispuestas para un contrato particular al que el consumidor se limita a adherirse. Es decir, siempre que no ha existido negociación individual.

Esto no quiere decir que en las condiciones generales entre profesionales no pueda existir abuso de una posición dominante. Pero tal concepto se sujetará a las normas generales de nulidad contractual. Es decir, nada impide que también judicialmente pueda declararse la nulidad de una condición general que sea abusiva cuando sea contraria a la buena fe y cause un desequilibrio importante entre los derechos y obligaciones de las partes, incluso aunque se trate de contratos entre profesionales o empresarios. Pero habrá de tener en cuenta en cada caso las características específicas de la contratación entre empresas”.

Finalmente, canto ao control das cláusulas abusivas, distínguese entre o control abstracto e o concreto. Abstracto é o que se leva a cabo sobre unha cláusula elaborada con intención de ser incorporada a un contrato, aínda que non se chegase a producir a dita incorporación. Concreto é o que se opera cando a cláusula en cuestión é incorporada a un determinado contrato.

II.- MARCO LEGAL VIXENTE

1º Evolución

a) A Lei de 1984: a regulación do control das cláusulas abusivas experimentou unha importante evolución en apenas 25 anos. Así, nun primeiro momento, a LDCU/84, estableceu no seu art. 10.2 que *“a los efectos de esta Ley se entiende por cláusulas, condiciones o estipulaciones de carácter general, el conjunto de las redactadas previa y unilateralmente por una Empresa o grupo de Empresas para aplicarlas a todos los contratos que aquélla o éste celebren, y cuya aplicación no puede evitar el consumidor o usuario, siempre que quiera obtener el bien o servicio de que se trate. Las dudas en la interpretación se resolverán en contra de quien las haya redactado, prevaleciendo las cláusulas particulares sobre las condiciones generales, siempre que aquéllas sean más beneficiosas que éstas”*. É dicir, xa naquel momento se recolleu o concepto de condición xeral e se estableceu o principio de interpretación contra proferentem das mesmas. Porén, nese primeiro momento, non se introduciron medidas dirixidas a controlar a validez das mesmas en fase extraxudicial. Malia iso, na medida en que os rexistradores da propiedade, conforme o art. 18 da Lei hipotecaria (LH), deben controlar a validez dos actos suxeitos a inscrición, suscitouse xa desde aquel momento a posibilidade de que o dito control se levase a cabo, pois a propia Lei de 1984 sancionaba con nulidade as cláusulas que non respondesen á esixencia de claridade, entrega, boa fe e xusto equilibrio (arts. 10.1 e 10.4).

b) A Lei de condicións xerais da contratación: unha maior clarificación desta materia levouse a cabo coa Lei 7/1998 do 13 de abril, de condicións xerais da contratación (LCXC). Na dita lei, incorporando ao noso ordenamento as normas da Directiva Comunitaria 93/13/CE do 5 de abril na materia, introduciu un art.10 bis á lei de 1984 na que se recollía unha lista de cláusulas abusivas e reformouse a redacción do art. 10 da mesma, así como do art. 258 LH.

Antes de entrar no estudo dos mesmos, debemos sinalar que a dita Directiva define no seu art. 3 as cláusulas abusivas dicindo: *“las cláusulas contractuales que no se hayan negociado individualmente se considerarán abusivas si, pese a las exigencias de la buena fe, causan en detrimento del consumidor un desequilibrio importante entre los derechos y obligaciones de las partes que se derivan del contrato”*. O mesmo art. engade que *“se considerará que una cláusula no se ha negociado individualmente cuando haya sido redactada previamente y el consumidor no haya podido influir sobre su contenido, en particular en el caso de los contratos de adhesión; El hecho de que ciertos elementos de una cláusula-*

la o que una cláusula aislada se hayan negociado individualmente no excluirá la aplicación del presente artículo al resto del contrato si la apreciación global lleva a la conclusión de que se trata, no obstante, de un contrato de adhesión. El profesional que afirme que una cláusula tipo se ha negociado individualmente asumirá plenamente la carga de la prueba". É dicir, a Directiva aclara qué se entende por cláusula non negociada individualmente.

Entrando xa no contido da lei, o art. 10 bis quedou redactado do seguinte xeito: “*Se considerarán cláusulas abusivas todas aquellas estipulaciones no negociadas individualmente que en contra de las exigencias de la buena fe causen, en perjuicio del consumidor, un desequilibrio importante de los derechos y obligaciones de las partes que se deriven del contrato. En todo caso se considerarán cláusulas abusivas los supuestos de estipulaciones que se relacionan en la disposición adicional de la presente Ley. El hecho de que ciertos elementos de una cláusula o que una cláusula aislada se hayan negociado individualmente no excluirá la aplicación de este artículo al resto del contrato. El profesional que afirme que una determinada cláusula ha sido negociada individualmente, asumirá la carga de la prueba*”. Da transcripción do precepto obsérvase que non se trasladou ao dereito interno a definición de cláusula non negociada individualmente. Iso non sería problema mentres as Directivas fosen directamente aplicables. Porén, dado que a doutrina do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas² sobre a aplicación directa refírese só á alegación do contido das Directivas por un cidadán fronte ao estado e non *inter privados*³, poderíamos atoparnos cunha situación de diminución da protección do consumidor polo noso dereito interno en comparación coa Directiva.

Canto ao art. 10, a súa alínea 6 estableceu que “*Los Notarios y los Registradores de la Propiedad y Mercantiles, en el ejercicio profesional de sus respectivas funciones públicas, no autorizarán ni inscribirán aquellos contratos o negocios jurídicos en los que se pretenda la inclusión de cláusulas declaradas nulas por abusivas en sentencia inscrita en el Registro de Condiciones Generales*” e o art. 258 LH quedou redactado da seguinte maneira: “*El Registrador denegará la inscripción de aquellas cláusulas declaradas nulas de conformidad con lo dispuesto en el párrafo segundo del artículo 10 bis da Lei 26/1984, de 19 de julio, General para la Defensa de los Consumidores y Usuarios*”. Para unha adecuada análise da materia engadiremos que no dito parágrafo segundo establécese que “*Serán nulas de pleno derecho y se tendrán por no puestas las cláusulas, condiciones y estipulaciones en las que se aprecie el carácter abusivo. La parte del contrato afectada por la nulidad se integrará con arreglo a lo dispuesto por el artículo 1258 del Código Civil. A estos efectos, el Juez que declara la nulidad de dichas cláusulas, integrará el contrato y dispondrá de facultades moderadoras respecto de los derechos y obligaciones de las partes,*

² Que se comezou a aplicar a partir da S. Sace do 17/12/70 e desde entón con carácter reiterado.

³ A Sentenza Marshall do 26/2/86 precisou que non cabe esixir obrigacións a cargo de particulares derivadas dunha Directiva que non se incorporase ao Dereito interno.

cuando subsista el contrato, y de las consecuencias de su ineficacia en caso de perjuicio apreciable para el consumidor o usuario. Sólo cuando las cláusulas subsistentes determinen una situación no equitativa en la posición de las partes que no pueda ser subsanada podrá declarar la ineficacia del contrato". Dos dous arts. resulta xa unha clara atribución aos notarios e rexistradores de facultades de control das cláusulas abusivas que poidan conter os contratos.

No entanto, foi cuestión discutida a relativa a se o dito control debe limitarse a só as cláusulas que fosen declaradas nulas por sentenza, que ademais estea inscrita no Rexistro de condicións xerais, ou ben se se debe estender a calquera cláusula que, visto o art. 10, poida reputarse abusiva. A cuestión non é simple, se optamos pola segunda das interpretacións, o rexistrador: 1º poderá denegar a inscrición de calquera cláusula que el estime nula de conformidade co art. 10 no exercicio da súa competencia como funcionario cualificador independente (art. 18 LH); e 2º poderá denegar calquera cláusula que sexa abusiva, e non só as que, por reunir os requisitos da Lei 7/1998, teñan a natureza de condicións xerais (que serían as únicas respecto das cales sería posible a inscrición de sentenza no rexistro recollido na dita lei ex arts. 1, 2 e 21 LCXC). A favor da tese ampla pronunciouse a maioría da doutrina que estudou o tema sendo destacables, entre outros, os nomes de rexistradores como García García, Gómez Gállego ou Balluguera Gómez⁴, pero tamén de persoas procedentes do ámbito universitario como Albiez Dohrmann ou Guilarte Zapatero⁵ segundo se verá máis adiante. Porén, non faltaron autores que sostiveron a opinión contraria, considerando que a cualificación rexistral como nula de cláusulas non declaradas nulas por sentenza podería supoñer unha clara invasión de funcións xurisdiccionais. Neste mesmo sentido situáronse, ao longo destes últimos anos, as resolucións da Dirección xeral dos Rexistros e o Notariado. Sobre estas posturas interpretativas profundaremos máis adiante na epígrafe que expresamente destinamos á materia.

⁴ García García, J.M. *Código de la Legislación Hipotecaria y del Registro Mercantil*. 5º ed. Thomson-Civitas. Madrid 2006.

Gómez gallego, F.J. "La calificación registral" en *La evolución del Derecho registral inmobiliario en los últimos cincuenta años*. Ed. Corpme-Cer. Madrid 1997, páx. 187.

Balluguera Gómez, *La información registral* (art. 332-334 y 335), en *La reforma de los Reglamentos Hipotecario y del Registro Mercantil (por el Real Decreto 1867/1998, de 4 de Septiembre)*. Ed. CER. Madrid 1998, páx. 287.

⁵ Albiez Dormán, K.J. "El control de las condiciones generales imprecisas y abusivas en el ámbito registral" en RDCI, núm 168, setembro-outubro de 1993.

Guilarte Zapatero, V. "Pactos en la hipoteca mobiliaria". En *Tratado de las garantías en la legislación mercantil* (U. Nieto Carol, coord.). T.II (Garantías reales), vol.2 (Garantías inmobiliarias). Ed. Consejo General de los Colegios Oficiales de Corredores de Comercio- Civitas. Madrid 1996, páx. 170.

2º Lexislación vixente

Con posterioridade ao texto de 1998, e dada a dispersión normativa e as novidades introducidas pola Lei 44/2006, do 29 de decembro (que modifica algúns aspectos da lexislación interna co fin de dar pleno cumprimento á xa mencionada Directiva 93/13/CE)⁶, procedeuse a refundir todas as disposicións vixentes en materia de protección dos consumidores no TR aprobado por DLex. 1/2007 do 16 de novembro cuxo Título II do Libro II refírese concretamente ás condicións xerais e cláusulas abusivas.

Do mesmo debemos destacar en primeiro termo o concepto de cláusulas abusivas. Así, o art. 82 dispón “*se considerarán cláusulas abusivas todas aquelas estipulaciones no negociadas individualmente y todas aquéllas prácticas no consentidas expresamente que, en contra de las exigencias de la buena fe causen, en perjuicio del consumidor y usuario, un desequilibrio importante de los derechos y obligaciones de las partes que se deriven del contrato*”. É dicir, ampliase o concepto de cláusulas abusivas ao incluír no mesmo tamén as prácticas non consentidas individualmente. Con todo, pese a que parece que nos encontramos ante unha ampliación, debo dicir que o artigo podería non cumprir os fins de protección dos consumidores para os que foi promulgado mentres, habendo negociación e consentimento, se trate dunha cláusula contraria á boa fe ou que cause o indicado prexuízo ao consumidor. A este respecto, debemos dicir que é certo que o centro de gravidade da aplicación da Directiva sobre cláusulas abusivas cos consumidores é o feito de non existir negociación individual. No entanto, esta formulación pode resultar problemática, e así o Informe da Comisión ao respecto⁷, existen prácticas comerciais dirixidas a evitar a aplicación da Directiva, precisamente, mediante o recurso ao concepto de cláusulas negociadas individualmente. A xuízo da Comisión, esta exclusión non achega nada en termos de claridade pero si pode suscitar problemas interpretativos á hora de determinar cándo houbo negociación e cándo expresa aceptación. Por iso, suscítase a conveniencia de suprimir ese límite. Algo que puido facer a Lei española e que, porén, optou por non facer. Para os efectos deste traballo, debemos indicar que a exclusión das regras relativas ás cláusulas abusivas por esta vía, dando lugar a un contrato con condicións particulares, non impediría a cualificación rexistral mentres o art. 18 LH obriga a vulgar a validez do negocio, pero si evitará a aplicación das normas específicas relativas a cláusulas abusivas. No entanto, entendo que achegaría seguridade ao sistema e protección ao consumidor estender o dito ámbito de aplicación a todos os casos de utilización de cláusulas abusivas entre consumidores e empresas, fosen ou non negociadas individualmente.

⁶ En particular, a S. do 9/9/04 do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, sinalou que na lexislación española non se incorporaran correctamente os art. 5 e 6.2 da Directiva. Co fin de emendar a dita falta, a Lei 44/2006 dá unha nova redacción á Lei 7/1998. Agora o seu art. 6, en liña co 5 da Directiva, limita a aplicación da regra de interpretación *contra proferentem* ao caso de que se exerciten accións individuais.

⁷ Informe da Comisión sobre a aplicación da Directiva 93/13/CE do Consello do 5/4/93 sobre cláusulas abusivas nos contratos celebrados con consumidores. Doc. COM (2000) 248.

Pola súa parte, o art. 83 pasa a recoller a regra do antigo 10.2 (ao que se remite o art. 258 LH) ao dicir que *“Las cláusulas abusivas serán nulas de pleno derecho y se tendrán por no puestas. La parte del contrato afectada por la nulidad se integrará con arreglo a lo dispuesto por el artículo 1258 del Código Civil y al principio de buena fe objetiva. A estos efectos, el Juez que declare la nulidad de dichas cláusulas integrará el contrato y dispondrá de facultades moderadoras respecto de los derechos y obligaciones de las partes, cuando subsista el contrato, y de las consecuencias de su ineficacia en caso de perjuicio apreciable para el consumidor y usuario. Sólo cuando las cláusulas subsistentes determinen una situación no equitativa en la posición de las partes que no pueda ser subsanada podrá el Juez declarar la ineficacia del contrato”*.

En segundo lugar, debemos fixarnos en que o seu art. 84 regula expresamente a intervención dos operadores da seguridade xurídica preventiva na protección do consumidor fronte ás cláusulas abusivas ao dicir que *“Los Notarios y los Registradores de la Propiedad y Mercantiles, en el ejercicio profesional de sus respectivas funciones públicas, no autorizarán ni inscribirán aquellos contratos o negocios jurídicos en los que se pretenda la inclusión de cláusulas declaradas nulas por abusivas en sentencia inscrita en el Registro de Condiciones Generales de la Contratación”*. É dicir, mantense o texto de 1998 e con iso a polémica canto ás diferenzas que hai entre o mesmo e o art. 258 LH.

Finalmente, debemos sinalar que os arts. 85 a 90 recollen, agrupándoas por materias, as cláusulas que en todo caso se considerarán abusivas e que ademais se contiñan na lista do art. 10 bis da Lei de 1984 a cal foi modificada nalgúns aspectos pola Lei 44/2006.

En particular podemos destacar, en tanto afecta directamente ao tráfico inmobiliario, as cláusulas que segundo a lei son nulas ex art.89.3, a cuxo teor teñen en todo caso a consideración de cláusulas abusivas *“La imposición al consumidor de los gastos de documentación y tramitación que por ley corresponda al empresario. En particular, en la compra-venta de viviendas:*

a. La estipulación de que el consumidor ha de cargar con los gastos derivados de la preparación de la titulación que por su naturaleza correspondan al empresario (obra nueva, propiedad horizontal, hipotecas para financiar su construcción o su división y cancelación).

b. La estipulación que obligue al consumidor a subrogarse en la hipoteca del empresario o imponga penalizaciones en los supuestos de no subrogación.

c. La estipulación que imponga al consumidor el pago de tributos en los que el sujeto pasivo es el empresario.

d. La estipulación que imponga al consumidor los gastos derivados del establecimiento de los accesos a los suministros generales de la vivienda, cuando ésta deba ser entregada en condiciones de habitabilidad”.

Se relacionamos este precepto coa xa mencionada discusión acerca de se é ou non posible a cualificación rexistral das cláusulas nulas, decatáronos a simple vista de que se admitimos que o rexistrador cualifique a legalidade das estipulacións contidas nas escrituras de compravenda de vivendas obteremos unha protección inmediata, extraxudicial e preventiva do consumidor. Se, polo contrario, limitamos a intervención destes profesionais, teremos que esperar a que se interpoñan as accións correspondentes, se pronuncie un xuíz, se inscriba a súa sentenza no rexistro de condicións xerais e daquela, só daquela, se poida denegar a utilización das cláusulas. Todo, claro está, sempre que as cláusulas abusivas en cuestión sexan condicións xerais. Noutro caso haberá que exercitar a acción de nulidade, que afectará só ao contrato correspondente, o cal como moito orixinará un pronunciamento contra o asento rexistral producido en virtude dese pacto (art. 38 LH), pero non producirá beneficios aos demais consumidores.

3º A Lei 41 /2007, do 7 de decembro

Unha novidade máis nesta materia veu determinada pola Lei 41/2007 do 7 de decembro, de reforma do mercado hipotecario. Na dita lei, introdúcense importantes novidades e refórmanse varias leis, e entre elas a LH, que no seu novo art. 12, parágrafo 2, establece que *“las cláusulas de vencimiento anticipado y demás cláusulas financieras de las obligaciones garantizadas por hipoteca a favor de las entidades a las que se refiere el artículo 2 da Lei 2/1981, de 25 de marzo, de Regulación del Mercado Hipotecario, en caso de calificación rexistral favorable de las cláusulas de trascendencia real, se harán constar en el asiento en los términos que resulten de la escritura de formalización”*. O art. 2 da referida lei di que *“las entidades de crédito que, a continuación, se detallan podrán otorgar préstamos y créditos y emitir los títulos que se regulan por la presente Ley, en las condiciones que reglamentariamente se determinen: los bancos y, cuando así lo permitan sus respectivos estatutos, las entidades oficiales de crédito, las cajas de ahorro y la Confederación Española de Cajas de Ahorros, las cooperativas de crédito, los establecimientos financieros de crédito”*. Do dito resulta que, polo tanto, se dun contrato de préstamo se tratase, habería que transcribir íntegras as cláusulas de vencemento anticipado e as financeiras. Isto, iso si, só no caso de que se tratase de entidades crediticias das mencionadas no art. 2 da Lei do mercado hipotecario. Se, polo contrario, o acredor-prestamista, fose un particular ou unha entidade distinta das mencionadas, atopariámonos coa subsistencia do réxime previo, é dicir, o rexistrador deberá, logo da cualificación do documento nos termos indicados no art. 18 LH, inscribir aquelas cláusulas que teñan trascendencia real e denegar a inscrición das que non a teñan. Se se trata dun acredor do mercado hipotecario, daquela transcríbense íntegras as mesmas mentres se cualificasen positivamente as que teñan trascendencia real.

A cuestión que debemos preguntarnos neste traballo é qué ocorre naqueles casos nos que unha desas cláusulas financeiras ou de vencemento anticipado reúne os requisitos establecidos pola lei para ser reputada cláusula abusiva ex art. 82 do TRLDCU. Nestes casos, dependendo da postura que dentro da polémica anunciada, adoptemos sobre a posibilidade do denegar ou non do rexistrador, poderemos introducir unha maior ou menor protección ao consumidor. Se admitimos que o rexistrador pode apreciar a nulidade da cláusula por abusiva ex art. 82 TRLDCU e 18 e 258 LH, daquela poderemos evitar que os consumidores aturen estas cláusulas predispostas polas entidades de crédito. Se, pola contra, non admitimos máis posibilidade de cualificación rexistral que a derivada dunha interpretación estrita dos arts. 82, 83 e 84 TRLDCU, entón atoparémonos con que os consumidores aos que se lles queira impoñer unha cláusula abusiva de vencemento anticipado ou financeira nun contrato de préstamo con garantía hipotecaria non terán máis remedio que interpoñer algunha das accións previstas na LCXC, obter sentenza e, unha vez que a dita sentenza recaia e se inscriba, integrar o seu contrato nos termos do art. 83 do TRLDCU e esperar a que, nas sucesivas ocasións nas que unha cláusula similar sexa utilizada, o rexistrador, agora si conforme 258 LH e 84 TRLDCU nunha interpretación estrita, denegue a dita cláusula. Nin que dicir ten que é pouco probable que a dita situación se vaia producir, pois un consumidor normal o que quere é que lle concedan o préstamo canto antes. Se a entidade de crédito sabe das súas actitudes “rebeldes” non llo concederá. De xeito que a única posibilidade de que haxa unha protección efectiva será a incoación do procedemento de declaración de nulidade por parte das organizacións de consumidores lexitimadas. Agora ben, neste caso, só poderán beneficiarse os que posteriormente á inscrición da sentenza concerten un novo préstamo (e iso só no caso de que esteamos ante cláusulas abusivas que sexan condicións xerais, como dixemos antes, de aí a importancia da precisión realizada na primeira alínea). O debedor-consumidor do primeiro caso quedará sen a protección que puido obter de admitirse a interpretación máis proclive á función cualificadora dos preceptos obxecto de estudo.

En calquera caso, toda discusión sobre se a cualificación das ditas cláusulas se pode facer tomando en consideración os preceptos do TRLXDCU ou ben só as resolucións inscritas no Rexistro de condicións xerais, non caberá formulala no caso de que estimemos que as cláusulas potencialmente abusivas non poden ser cualificadas por carecer de transcendencia real. En efecto, do texto do art. 12 resulta unha nova variable: a transcripción literal supeditase a que fosen cualificadas positivamente as que teñan transcendencia real. ¿Significa isto que as que carecen desta transcendencia non son cualificables? Este parece ser o criterio da DXRN nas súas resolucións posteriores á promulgación da Lei 41/2007, como veremos máis adiante.

4º A Lei 2/2009, do 31 de marzo

Con posterioridade á Lei 41/2007, promulgouse a Lei 2/2009, reguladora da contratación cos consumidores de préstamos ou créditos hipotecarios e de servizos de mediación para a celebración de contratos de préstamo ou crédito.

Como indica a Exposición de motivos, pretendeuse dar cobertura a dous fenómenos que ata o momento carecían dunha protección específica nas leis⁸ sobre a materia afectantes aos consumidores, e que están adquirindo na actualidade un gran auxe, como son os créditos e préstamos hipotecarios concedidos por empresas que non son entidades de crédito e os servizos de mediación do crédito entre os que destacan as actividades de agrupación de débedas, realizadas por empresas que non entran dentro da categoría de entidade de crédito. Así pois, o ámbito de aplicación (art. 1) da Lei limitase, subxectivamente, ás empresas distintas das entidades de crédito e aos consumidores. Respecto ás primeiras, defínese como “*personas físicas o jurídicas (en adelante, las empresas) que, de manera profesional, realicen cualquiera de las actividades que consistan en: a) La concesión de préstamos o créditos hipotecarios bajo la forma de pago aplazado, apertura de crédito o cualquier otro medio equivalente de financiación. b) La intermediación para la celebración de un contrato de préstamo o crédito con cualquier finalidad, a un consumidor, mediante la presentación, propuesta o realización de trabajos preparatorios para la celebración de los mencionados contratos, incluida, en su caso, la puesta a disposición de tales contratos a los consumidores para su suscripción*”. Esta delimitación pode resultar excesivamente confusa. En efecto, non estando claro que poidamos entender por “maneira profesional” poden suscitarse conflitos sobre a aplicabilidade da norma.

Canto aos consumidores, serano “*las personas físicas y jurídicas que, en los contratos a que se refiera esta Ley, actúan en un ámbito ajeno a su actividad empresarial o profesional*”.

Polo que respecta ao seu ámbito obxectivo, aplícase á concesión de préstamos ou créditos hipotecarios e á mediación ou asesoramento na concesión de préstamos ou créditos. Exclúese pois ás entidades de crédito, sometidas ás normas de ordenación e disciplina de crédito e supervisadas polo Banco de España e respéctase o réxime actualmente vixente en materia de crédito ao consumo, venda a prazos de bens mobles e comercialización a distancia de servizos financeiros. A iso teríamos que engadir que se respecta, igualmente, a pouco usual pero non imposible situación de concesión de créditos e constitución de ga-

⁸ En concreto, a Exposición de motivos da Lei cita como normas que contiñan disposicións protectoras dos consumidores sen regular as materias obxecto da nova lei: a Lei 7/1995, do 23 marzo, de crédito ao consumo, que incorpora a Directiva 87/102/CEE.

A Lei 28/1998, do 13 de xullo, de venda a prazos de bens inmobles, que establece o réxime dos contratos de venda a prazos de bens mobles corporais non consumibles e identificables, dos contratos de préstamo destinados a facilitar a súa adquisición e das garantías que se constitúan para asegurar o cumprimento das obrigas nacidas dos mesmos.

A Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores, que traspón la Directiva 2002/65/CE.

A Lei 2/1994, do 30 de marzo, sobre subrogación e modificación de préstamos hipotecarios.

A Orde do 5/5/94, sobre transparencia das condicións financeiras dos préstamos hipotecarios.

A Lei do 23 de xullo de 1908, de nulidade dos contratos de préstamos usureiros.

rantías hipotecarias por parte de persoas físicas ou xurídicas que nin o fan con ánimo profesional, nin tampouco son entidades de crédito.

Canto ao contido da Lei, o art. 2 establece que *“Los derechos reconocidos por esta Ley a los consumidores que contraten las actividades incluidas en su ámbito de aplicación son irrenunciables, siendo nulos la renuncia previa a tales derechos y los actos realizados en fraude de Ley, conforme a lo previsto en el artículo 6 del Código Civil”*.

Entre eses dereitos están unha serie de obrigas de transparencia, que se concretan en: 1º As condicións xerais de contratación estarán a disposición dos consumidores na web ou nos establecementos onde deberán contar con taboleiro de anuncios (art. 4).

2º As tarifas, en principio libres, teñen que ser dadas a coñecer nos folletos e ao Rexistro indicando supostos e periodicidade. Corresponderán a servizos efectivamente prestados ou a gastos habidos, non sendo posible cargar comisións ou gastos por servizos non pedidos de forma expresa.

3º Nos novos préstamos ou créditos hipotecarios será de aplicación o disposto en materia de amortización anticipada pola lexislación específica reguladora do mercado hipotecario.

4º Nos préstamos ou créditos hipotecarios sobre vivendas, a comisión de apertura, que se producirá unha soa vez, englobará calquera gastos de estudo, de concesión ou tramitación do préstamo hipotecario ou outros (art. 5).

5º Deben contar cun seguro de responsabilidade civil ou aval bancario que cubra as responsabilidades en que puideran incurrir fronte aos consumidores (art. 7).

Así mesmo, establécense obrigas previas ao contrato, regulando as comunicacións comerciais e os folletos informativos (arts. 12 e 13), e establecendo o art. 14 as informacións que a empresa debe facilitar ao consumidor, cunha antelación mínima de cinco días á sinatura do contrato, sobre a propia empresa, sobre o produto ou servizo ofrecido e sobre o contrato, incluíndo o prezo total que debe pagar o consumidor.

Estas esixencias de información sanciónanse con nulidade, determinando o art. 14.3 *“el incumplimiento de los requisitos relativos a la información previa que se deriven de los contratos, así como los relativos al suministro de dicha información previa, que se establecen en este artículo, podrá dar lugar a la invalidez de los contratos, de acuerdo con lo previsto en la legislación civil, sin perjuicio de la integración de los contratos conforme a lo previsto en los artículos 61 y 65 del texto refundido da Lei General para la Defensa de los Consumidores y Usuarios y otras Leyes complementarias”*.

Ademais, establécense unha serie de obrigas relativas á taxación (art. 15)⁹, oferta vinculante (art. 16)¹⁰, e aos contratos¹¹.

Pero se importantes son os deberes dos contratantes, non menos importantes, para os efectos do que vimos estudando nestas páxinas, son os deberes de control que se establecen no art. 18 para os notarios e os rexistradores. Ao teor do mesmo: "*1. En su condición de funcionarios públicos y derivado de su deber genérico de control de legalidad de los actos y negocios que autorizan, los notarios denegarán la autorización del préstamo o crédito con garantía hipotecaria cuando el mismo no cumpla la legalidad vigente y, muy especialmente, los requisitos previstos en esta Ley.*

Del mismo modo, los registradores¹² denegarán la inscripción de las escrituras pú-

⁹ Se a paga o consumidor, ten que indicarse a identidade dos profesionais seleccionados e as tarifas de honorarios aplicables e entregar copia se se fai a operación e, se non, o orixinal.

¹⁰ Hai obriga de presentala por escrito e asinada ou notificar a súa denegación, cun prazo de validez non inferior a dez días hábiles desde a súa data de entrega.

Debe conter as condicións financeiras correspondentes ás cláusulas financeiras sinaladas no anexo II da Orde do 5/5/94, sobre transparencia das condicións financeiras dos préstamos hipotecarios, para a escritura de préstamo e durará, polo menos, dez días hábiles.

Debe constar o dereito do consumidor, en caso de que acepte a oferta, a examinar o proxecto de documento contractual, cunha antelación de tres días, no despacho do notario autorizante.

¹¹ Deberán cumprirse as condicións previstas na Orde do 5/5/94, sobre transparencia das condicións financeiras e se determinan as condicións que deben cumprir os índices ou tipos de referencia dos préstamos hipotecarios para poder utilizarse.

Incluirán os dereitos que correspondan ás partes no relativo á modificación do custo total do préstamo ou crédito.

En amortización anticipada de préstamos ou créditos hipotecarios atenderase ao disposto pola lexislación especial en materia de mercado hipotecario.

Esténdense ás empresas as obrigas que xa cumpren as entidades de crédito respecto do contido das escrituras públicas nas que se formalicen os préstamos hipotecarios. Concretamente, estas escrituras conterán as cláusulas financeiras, debidamente separadas das restantes, que axustarán o seu orde e contido ao establecido no anexo II da citada Orde do 5/5/94. As demais cláusulas non poderán desvirtuar o contido daquelas en prexuízo do consumidor.

¹² Sobre a intervención dos rexistradores, cómpre sinalar que a mesma non estaba prevista no proxecto. En efecto, concíbese a Lei sobre a base dun control exclusivamente notarial, é dicir, sometido a libre competencia entre os controladores. Isto deu lugar a unha protesta vía nota de prensa da Unión de Consumidores de España (UCE), na que se denunciaba que se "consagra una política de total ausencia de control preventivo", ao excluír aos rexistradores dos deberes de control da legalidade dos créditos. Con esta exclusión, serían exclusivamente os notarios quen exerzan ese control, cando curiosamente os seus clientes preferentes son bancos e construtoras. Segundo a UCE esta medida respondía á presión que exerce a banca española, para que non se controlen as cláusulas abusivas das pólizas hipotecarias. A asociación tamén denunciou o risco de iniciar en España as 'hipotecas lixo' ao deixar a redacción das cláusulas en mans "única e exclusivamente" das propias entidades financeiras e de notarios, como únicos filtros do principio de legalidade. Vid: <http://www.europapress.es/economia/finanzas-00340/noticia-economia-finanzas-uce-pide-incluir-registradores-propiedadproyecto-reunificacion-deudas-081119122551.html>.

blicas de préstamo o crédito con garantía hipotecaria cuando no cumplan la legalidad vigente y, muy especialmente, los requisitos previstos en esta Ley.

2. En particular, los notarios informarán al consumidor del valor y alcance de las obligaciones que asume y, en cualquier caso, deberán:

a) Comprobar si existen discrepancias entre la información previa al contrato, las condiciones financieras de la oferta vinculante del préstamo o del crédito y las cláusulas jurídicas y financieras del documento contractual, advirtiendo al consumidor de las diferencias que, en su caso, hubiera constatado y de su derecho a desistir de la operación.

b) En el caso de préstamo o crédito a tipo de interés variable, advertir expresamente al consumidor cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:

1.º Que el índice o tipo de interés de referencia pactado no sea uno de los oficiales a los que se refiere la disposición adicional segunda de la Orden de 5 de mayo de 1994, sobre transparencia de las condiciones financieras de los préstamos hipotecarios.

2.º Que el tipo de interés aplicable durante el período inicial sea inferior al que resultaría teóricamente de aplicar en dicho período inicial el tipo de interés variable pactado para períodos posteriores.

3.º Que se hubieran establecido límites a la variación del tipo de interés.

En particular, cuando las limitaciones no sean semejantes al alza y a la baja, el notario consignará expresamente en la escritura esa circunstancia, advirtiendo de ello a ambas partes, salvo que resultara de aplicación lo dispuesto en el artículo 84 del texto refundido da Lei General para la Defensa de los Consumidores y Usuarios y otras Leyes complementarias, en cuyo caso procederá conforme lo indicado en dicho precepto¹³.

c) En el caso de préstamos o créditos a tipo de interés fijo, comprobar que el coste efectivo de la operación que se hace constar a efectos informativos en el documento se corresponde efectivamente con las condiciones financieras del préstamo o crédito.

d) En el caso de que esté prevista alguna cantidad a satisfacer al prestamista con ocasión del reembolso anticipado del préstamo o crédito, o que dichas facultades del consumidor se limiten de otro modo o no se mencionen expresamente, consignar expresamente en la escritura dicha circunstancia, y advertir de ello al consumidor.

¹³ É dicir, denegarase a autorización da escritura, aínda que iso só ocorrerá cando se trate de condicións xerais declaradas nulas en sentenza inscrita (vid. art.).

e) *En el caso de que el préstamo o crédito esté denominado en divisas, advertir al consumidor sobre el riesgo de fluctuación del tipo de cambio.*

f) *Comprobar que ninguna de las cláusulas no financieras del contrato implican, para el consumidor, comisiones o gastos que debieran haberse incluido en las cláusulas financieras.*

3. *La decisión del funcionario por la que deniegue la autorización del préstamo o crédito con garantía hipotecaria, o la inscripción de alguna de sus cláusulas, deberá efectuarse mediante escrito motivado en hechos y fundamentos de derecho. Dicha decisión será recurrible ante la Dirección General de los Registros y del Notariado conforme a la legislación específica*¹⁴.

Sen prexuízo dos problemas técnicos que a aplicación deste artigo vaia ocasionar e que exceden do ámbito deste traballo¹⁵, é interesante destacar neste momento que a nova Lei, sen lugar a dúbidas, non só permite a cualificación das cláusulas abusivas nos contratos de préstamo a que se refire, senón que obriga a denegar a inscripción dos mesmos. Incluso, máis alá disto (que xa supón unha novidade respecto ao TRLXDCU, á Lei 41/ 2007 e aos resultados derivados da súa interpretación pola DXRN) obriga a que o notario denegue a autorización das escrituras; e permite que se denegue a inscripción, non xa por nulidade do acto dispositivo (que é o previsto no art. 18 LH), senón por incumprir os requisitos da lei, o cal podería inducir a pensar que cabe denegar incluso por falta de requisitos cuxa ausencia non implique a nulidade (pensemos nas obrigas de transparencia expostas máis arriba, ás que non vai expresamente referida a sanción de nulidade do art. 14.3 e que só serán nulas se media unha renuncia do consumidor ex art. 2).

5º Resultado da evolución producida

Tras expoñer a evolución producida, podemos obter como resultado que se foi perfeccionando cada vez máis a regulación das cláusulas abusivas. Porén, tal perfeccionamento ocasionou unha apertura á especialización que corre o risco de ser porta de entrada de excepcións que acaben producindo resultados contrarios aos presuntamente pretendidos (así se admitimos excluír a protección extraxudicial dos consumidores en casos concretos).

¹⁴ Deste precepto cabe destacar:

- Recóllese nesta lei a referencia ao “deber genérico de control de legalidad de los actos y negocios” por parte dos notarios. A referencia ao control de legalidade notarial na redacción inicial do novo Regulamento Notarial fora rexeitada polo TS, pola súa falta de rango, na S. do 20/5/08.

- En caso de denegación, prevese un “escrito” que, no caso notarial, lembra moito á nota de cualificación rexistral cos seus feitos e fundamentos de dereito e recurso ante o órgano superior.

¹⁵ Tales como cales son as causas concretas de denegación; se se está a ampliar nestes supostos ou non o ámbito da cualificación rexistral do art. 18 LH; o cómo se articulará o recurso contra a nota do notario e se se poderá recorrer a outro notario como se prevé para os rexistradores no art. 19 bis LH etc.

Esta especialización ocasiona ademais, unha situación curiosa no que ás hipotecas se refire. Así, podemos dicir que hoxe hai tres categorías de hipotecas con diferentes réximes de intervención dos rexistradores e unha protección dos consumidores de intensidade variable segundo os casos: 1º As hipotecas en garantía de créditos concedidos por entidades do mercado hipotecario (art. 12.2 LH), nas que se transcriben as cláusulas financeiras e se limita a cualificación das mesmas por parte do rexistrador, aínda que sexan abusivas.

2º As hipotecas en garantía de calquera obrigas concedidas por contratantes non incluídos no mercado hipotecario nin na Lei 2/2009, nas que o rexistrador pode cualificar todo o que afecte á validez do negocio (art. 18 LH), e non se inscriben as cláusulas financeiras.

